



FILANDÓN DE MÚSICAS DO CAUREL

O Filandón de Músicas do Caurel nace como un foro prá posta en valor do patrimonio lírico e musical conservado e transmitido polas vellas xeneracións. Os antergos cantares, rondas da serra, músicos e poetas danse cita nunha xornada histórica.

No contexto da gran Ferrería Locay, monumental construción de comezos do século XIX, sucédense as distintas actuacións a partires do son dos rancos cornos celtas que serviron noutrora pra reunir aos veciños con motivos de interés colectivo.

Hoxe, cando estes cantos deixaron de ter vigor, os que noutrora formaban parte da vida da xente, desexamos salvarlos do esquecemento e trasmitilos a novas xeneracións. Por eso este Filandón nace como documento prá historia das Músicas do Caurel e da súa cultura, traducido nas distintas publicacións en música impresa, documentación fotográficas, audio e video.

O Filandón é punto de encontro referente universal e atracción para especialistas e profesionais da música étnica que nos visitan desde lonxanos lugares do planeta, que comparten unha linguaxe común: a música.

Desexamos honrar aquelas persoas que nos trasmitiron o saber dos séculos, recordalas e tributarlles esta homenaxe, especialmente, a tantos e tantos que nos acompañaron neste foro e xa non están con nós.

Agradecer a tódalas persoas que acuden á nosa chamada, os que, coa súa presenza, están honrando os valores dos nosos antergos.

Que sirva o Filandón de testigo do que as nosas xeneracións esquecen!

XXVII FILANDÓN DE MÚSICAS DO CAUREL

Declarado de interese turístico e cultural

Transmisión por Videostreaming, canle XoseLoisFoxoLIVE

Na memoria de Sindy Carrera e Domingo Neira de Xestoso de Oencia

4 AGOSTO
2024

19:00 h

**Ferrería
Locay**

**Seoane
do Caurel
(Lugo)**



Presenta:
Montse Estévez

Zanfonista do retablo da Eirexa de Meiraos (1614)

Actuación especial do grupo "A QUENLLA"
no recordo de Don Xesús Mato, fundador de "Faxan os Ventos"

Artistas populares: Cantores, coplas de cego, gaiteiros...

CARMEN PENIM

Exposición audiovisual e bibliográfica de Músicas do Caurel
Exposición de instrumentos musicais de Manuel Vila de Vilamor
Mostra de produtos de alimentación do Caurel

ORGANIZAN:



Concello
do Caurel



ESCOLA DE GAITAS
DO CAUREL

COLABORAN:



FUNDACIÓN CENTRO GALEGO
DA ARTESANÍA E DO DESENHO





PROGRAMA XXVII FILANDÓN DE MÚSICAS DO CAUREL

Na memoria de
Sindy Carrera e Domingo Neira de Xestoso de Oencia

04.08.2024 - 19:00 h.

Presenta: Montse Estévez

- Chamada ao Filandón: cornos celtas de Xan de Vilar, Manuel de Outeiro e Pepe de Soldón.
- Preside: Angelita Aira Crespo, Raíña do Filandón.
- Trío de violíns Tatiana Kostomarova. Interpretan: Alalá do Caurel na memoria dos amigos do Filandón falecidos.
- Palabras de Ricardo Locay Aira.
- Orquesta Río Leira de Vilamartín de Valdeorras.
- Entrega **Tésera de Hospitalidá** a Juan Manuel Merelles director da Axencia de Turismo de Galicia.
- A Quenlla na meoria de Don Xesús Mato.

- Mero e Miro Casabella (**medallas do Filandón**).
- Isabel de Arcos de Vilamartín.
- Entrega **Medalla do Filandón** a Brenda González.
- Entrega **Medalla do Filandón** a Xosé Canosa. Presidente de Airiños da Nosa Galicia de Sta. Coloma de Gramanet.
- Jacinta Fernández Alonso de Lentellais, O Bolo.
- Paula Pintos, A Coruña.
- Grupo o Recanto de Quiroga.
- Rogelio da Aceveda.
- Fiuca de Trives.
- Carmen Penim con membros da Real Banda de Gaitas e Tatiana Kostomarova.
- Agrupación musical do Caurel.
- Blandina de Cotarós, Trives.
- Juan Corzo de Celavente, O Bolo.
- Marco Foxo con Manuel de Outeiro.
- Fin de festa ca Orquesta Río Leira de Vilamartín de Valdeorras.